

Los nativos digitales no existen

Susana Lluna e Javier Pedreira «Wicho»

Ediciones Deusto, Barcelona, 2017 • 978-84-234-2659-1 • 272 páx.

Susana Lluna e Wicho, (que lle soarán a moitos profesores pois son toda unha referencia no eido das TIC e relatores destacados no CFR da Coruña), reuniron neste libro unha boa selección de colaboracións que nos serven como guía de “este mundo que nos tocou vivir”, que é como titulan a primeira parte do libro. A segunda parte, “nas aulas e un pouco máis aló” está centrada na dinámica do grupo aula.

Os nenos veñen sen manual de instrucións, afirma Enrique Dans no limiar. Curiosamente o que os singulariza fronte aos adultos no manexo das TIC: non consultan

ningún manual de instrucións cando se enfrontan ao manexo de computadores, consolas, móbiles e Internet. Pero iso non implica que verdadeiramente “controlen”. De aí o título e a falsa crenza que a aprendizaxe tecnolóxica é innata e vén de “fábrica”. O que xustifica que familias e profesores sexamos os verdadeiros encargados dun uso racional, e con sentido común do mundo dixital que nos rodea, como nos amosan os capítulos deste interesante e oportuno libro.

